



CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
DATA 06/02/2025

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

PAOLA MARÍA MOCHALES

VOGAIS

DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

LUZ MARÍA ABALO PÉREZ

JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

ROSA ABUÍN RODRÍGUEZ

TÉCNICO

EMILIO PUMAR DURÁN

XERENTE

SONIA GARCÍA CORZO

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:10 do día 06/02/2025 reúnen-se en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta das actas das sesións anteriores, de data 26.12.2024 e de data 09.01.2025, que se aprobaron por unanimidade.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTES SOLICITUDES:

LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

PRP2025/0328

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Miguel Caamaño Romero, para legalización e 1ª ocupación de edificación de lecer familiar situada na rúa a Torre de Guillán nº 61 (Ref. Cat. 0273712NH2107S0001OP) de conformidade coa documentación do estado final de edificación de lecer familiar e Certificado final de obra do arquitecto D. Xosé Xoán Martínez Costa, con visado colexial do 27.11.2024.

Así mesmo, informar favorablemente ás acometidas de auga e saneamento definitivas, dado que realizada visita de comprobación ao inmovible, verifícase que están executadas correctamente. (Expte. URB/2021/000904)

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

PRP2025/0259

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Delfín Parada Fernández en representación de DELFÍN PARADA S.L., para obras de mantemento de cuberta e fachada en edificio situado na rúa Os Duráns nº 1 (Ref. Cat. 9664811NH1196S), sen modificación de volume nin estrutura.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán

as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2024/001056)

PRP2025/0264

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Cirano Núñez Pichardo en representación de DENA DEBS S.L. para obras de acondicionamento interior de local comercial en Paseo Costa Candamo nº 1, bx. 1(Ref. Cat. 9459029NH1195N0003OJ), tal e como se indica na documentación que achega.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de actividade económica, realizará a tramitación correspondente de conformidade co artigo 24 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2024/001074)

PRP2025/0265

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Manuel Lorenzo Tarrío en representación de CÓDIGO CERO SAIL EQUIPMENT S.L., para obras de arranxo de tellado (cambio de material de cubrición), sen modificación de volume nin estrutura, na rúa Albarrán nº 8, Trabanca Badiña (Ref. Cat. 0962301NH2106S0001OH).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2024/001046)

PRP2025/0266

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Bruno Vila Fernández para obras de renovación de acabados do inmovible (solados, baños e ventás) na Avd. Xoán Carlos I, nº 32 - 4º (Ref. Cat.: 9561001NH1196S0005UZ), tendo en conta as seguintes consideracións:

Posto que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar e composición e cores de carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2024/001092)

PRP2025/0267

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. María del Carmen Galiñanes Bouzas, para obras de arranxo de tellado, sen modificación de volume nin estrutura, na rúa do Vento nº 38, Cea (Ref. Cat. 1557402NH2115N0001AK).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles

cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2024/001093)

PRP2025/0268

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Ana María Martínez Calvo, para obras de reparación de cuberta e fachada de almacén na rúa Rubiáns de Abaixo nº 25, Rubiáns (Ref. Cat. 1937702NH2113N0001DU), tendo en conta as seguintes consideracións:

- Non haberá modificación de volume nin estrutura posto que se trata dun inmovible fóra de ordenación.
- As obras a realizar, serán as mínimas imprescindibles de conservación e mantemento posto que se trata dun inmovible fóra de ordenación.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000014)

PRP2025/0269

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Paula Diéguez Barcala en representación de Dña. Paulina Barcala Lamas., para obras de arranxo

de tellado sen modificación de volume nin estrutura en inmovible situado na rúa do Cristo do Vento, 23, Cea (Ref. Cat. 1659601NH2115N0001SK).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000016)

PRP2025/0270

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Gesenco en representación de COM. PROP. PEREIRA 3, para obras de reparación de fachada medianeira con sistema SATE en inmovible situado na rúa Marxiada nº 2, Sobrado (Ref. Cat. 8251326NH1185S).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000020)

PRP2025/0271

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Proyectos y Reformas Jacinto en representación de D. Carlos Pereira Lorenzo, para obras de reparación de fachada (voo) en inmovible situada na rúa Santa Eulalia nº 16 (Ref. Cat. 9559810NH1195N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000025)

PRP2025/0272

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Raquel Santamaría Sayar, para obras de baleirado interior de local comercial na rúa Cervantes nº 3, baixo 1 (Ref. Cat. 9561010NH1196S0001AJ), tal e como se indica na documentación que achega. Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de actividade económica, realizará a tramitación correspondente de conformidade co artigo 24 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000030)

PRP2025/0273

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Ana Ferreiro Pajuelo para obras de demolición interior de piso (tabiquería e solado) na rúa Arapiles nº 5, 1º drta. (Ref. Cat. 9461501NH1196S0005SZ), tendo en conta as seguintes consideracións:

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB2025/000031)

PRP2025/0275

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. María del Carmen Domínguez Álvarez para reforma de baño existente no Grupo San Roque nº 48, bloque 3, portal 6 - 1º D (Ref. Cat. 9960302NH1196S0004DB).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB2025/000032)

PRP2025/0276

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Carlos Patiño Villanueva, para obras de arranxo de fachada en inmovible situado en Camiño do Viñal, nº 1, Vilaxoán (Ref. Cat. 8049392NH1184N0001DJ).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervincentes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000038)

PRP2025/0277

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Luis Cores Domínguez, para obras de arranxo de fachada lateral en inmoible situado na rúa Piorno nº 17, Sobrán (Ref. Cat. 7746120NH1174N0001FD) tal e como se indica na documentación presentada.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000041)

PRP2025/0278

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Ana Isabel Castaño Comparada en representación de D. Ramón Tubío Iglesias, para reforma de baño existente na rúa Alcalde Rey Daviña nº 2, 3º C (Ref. Cat. 9463022NH1196S0012EW), tendo en conta as seguintes consideracións:

Respectaranse os elementos comúns do inmoible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB2025/000043)

PRP2025/0279

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Raquel Saida Domínguez Taboada, para obras de pavimentado de soleira exterior na rúa Os Anxos nº 50, Carril (Ref. Cat. 36060A016005330000GJ).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán

as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000049)

PRP2025/0280

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Francisco Javier García Blanco, para cambio de carpintería exterior en inmovible situado na Avd. Dr. Tourón nº 27 - 3º C (Ref. Cat.: 9254103NH1195N0009FM), tendo en conta as seguintes consideracións:

Posto que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar e composición e cores de carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000051)

PRP2025/0281

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Luís Galbán Mariño en representación de Dña. Celia Galbán Mariño, para obras de reparación de aditamento sobre fachada existente na rúa Victor Pita nº 8, Sobradelo (Ref. Cat. 7756023NH1175N0001EU), tal e como se indica na documentación que se achega.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas

obras menores, ou aos axentes intervincentes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2020/000671)

PRP2025/0306

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Ana Isabel Ozores Martínez, para reforma de baño existente na rúa San Xosé, nº 11, 4º C (Ref. Cat.: 9471018NH1197S0037GG), tendo en conta as seguintes consideracións:

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000056)

PRP2025/0307

Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por D. Diego Suárez Alcalde para obras varias en local situado na rúa Albarrán nº 6, Trabanca Badiña (Ref. Cat.: 0962308NH2106S0001EH), de conformidade co informe técnico emitido no que se indica que tendo en conta que se trata dun cambio de uso na edificación, deberá tramitarse por licenza debendo presentar proxecto de acondicionamento xustificando toda a normativa de aplicación. (Expte. URB/2024/000736) .

PRP2025/0324

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Lisander Rubens Paredes López, para illamento e renovación de carpintería de fachada posterior na Avd. Xoán Carlos I nº 26, 3º (Ref. Cat.: 94630054NH1196S0004FB), tendo en conta as seguintes consideracións:

Posto que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar e composición e cores de carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000065)

PRP2025/0325

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. María Teresa Crespo González, para cambio de carpintería exterior por portal automático en local situado na rúa Camilo José Cela nº 6, baixo 2 (Ref. Cat. 8753604NH1185S0002QB), tal e como se indica na documentación que achega.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de actividade económica, realizará a tramitación correspondente de conformidade co artigo 24 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000063)

PRP2025/0326

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Manuel Guimarey López para reforma de baño existente na rúa Pablo Iglesias nº 1, 5ºB (Ref. Cat.: 9665013NH1196N0022LQ), tendo en conta as seguintes consideracións:

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000064)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

PRP2025/0282

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. Luz María Alonso Outeda, para vao permanente na rúa Extramuros nº 29, Carril (Ref. Cat.: 8782318NH1188S0001EQ), sen precisar rebaixe de bairarrúa.

Comunicaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademais achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez efectuado o pago, deberá pasar a recoller a placa na oficina nº 210, do 2º andar do Concello. Ademais da placa deberá complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán da forma de levala a cabo de conformidade co informe emitido.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2024/000342).

PRP2025/0283

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. María Laura Prego Abalo, para vao permanente na rúa Cervantes, 31 - Carril (Ref. Cat.: 8484310NH1188S0001AQ), sen precisar rebaixe de bairarrúa.

Comunicaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademais achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez efectuado o pago, deberá pasar a recoller a placa na oficina nº 210, do 2º andar do Concello. Ademais da placa deberá complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán da forma de levala a cabo de conformidade co informe emitido.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2024/000957).

PRP2025/0285

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. María Emilia Uz Prado en representación de MERCADONA S.A., para vao permanente na rúa Valle Inclán nº 15 (Ref. Cat.: 9060017NH1196S0001JJ), sen precisar rebaixe de bairarrúa. A entrada do vao é de 10,00 metros de ancho e cunha marca viaria dunha lonxitude de 12 metros (bordo amarelo), polo que supoñería a supresión de 3 prazas de estacionamento.

Comunicaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademais achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez efectuado o pago, deberá pasar a recoller a placa na oficina nº 210, do 2º andar do Concello.

Ademais da placa deberá complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán da forma de levala a cabo de conformidade co informe emitido.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2024/000970).

PRP2025/0309

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Sara Lago Sánchez para acometida á rede xeral de distribución de auga para vivenda situada na rúa San Martiño nº 26, Rubiáns (Ref. Cat. 1352207NH2115S0001HE), baixo as seguintes condicións:

- Deberá executar unha extensión da rede xeral de abastecemento en 40 ml. en PVC de diámetro 75.

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 40 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 50 x 50 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra do inmovle, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo de Augas. (Expt. URB/2024/001094)

PRP2025/0310

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Nellie Meunier Guttin Cluzel, para obras de acometida á rede de saneamento na rúa Rio Lois 38, Santa Mariña (Ref. Cat. 8835405NH1183N0001WN), baixo as seguintes condicións:

ACOMETIDA DE SANEAMENTO

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de diámetro 160 mm como mínimo.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados ao seu estado inicial.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición de 60 x 60 cm.
- A recollida de augas pluviais realizarase en rede independente.
- A fianza de 500 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2024/001034)

PRP2025/0327

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. Rosa M^a Álvarez Búa en representación de COM. PROP. MATOSINHOS 13 para rehabilitación enerxética de cuberta e fachada en edificio situado na rúa Matosinhos nº 13 (Ref. Cat. 9254112NH1195N) tal e como se indica na documentación presentada.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2024/000045).

LICENZAS DE SEGREGACIÓNS

PRP2025/0329

Con data 11.12.2024 a Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa, dita Resolución denegando a solicitude de licenza presentada por D. Alberto Carou Abelleira en representación de Dña. Josefina Míguez Varela para segregación de parcela situada na rúa Vilar de Arriba, Bamio (Ref. Cat. 9794615NH1199S0000XZ), polos motivos expostos na indicada Resolución.

Con data 15.01.2025 D. Alberto Carou Abelleira en representación de Dña. Josefina Míguez Varela presentan recurso de reposición alegando que o galpón foi derrubado e acompañando certificado técnico ao respecto de data 19.12.2024 e alegando que non houbo requirimento municipal para a cesión.

Admitido a trámite o devandito recurso, emítese informe xurídico con data 30.01.2025 no que se indica:

"...Con respecto ao fondo do asunto, a recorrente non indica en qué vicio, defecto, error ou ilegalidade incorre o acto impugnado. A licenza en cuestión foi denegada por resolución municipal de 11-12-24, cando a acreditación documental da demolición do galpón é de 19-12-24, de data posterior, e non se aporta dita documentación (certificado técnico) ata a interposición do recurso

de reposición o 15-1-25; é dicir, ao momento de denegarse a licenza, o galpón non estaba derrubado, polo que, polos motivos nos que se basea dita denegación, a resolución municipal agora recorrida é conforme a dereito.

Polo tanto, á vista do anterior e tendo ademais en conta o disposto no art. 118 da LPAC, segundo o cal, non cabe ter en conta feitos, alegacións ou documentación que debía ser invocados no trámite de audiencia do expediente, cómpre desestimar o recurso de reposición..."

Polo exposto anteriormente, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo informa favorablemente a desestimación do Recurso de Reposición presentado por D. Alberto Carou Abelleira en representación de Dña. Josefina Míguez Varela, sen prexuízo de que a interesada presente nova solicitude de licenza. (Expte. URB/2021/000762)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

PRP2025/0293

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Francisco Lorente Rivas en representación de D. Óscar Diz Costa, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, edificación complementaria e peche de parcela no lugar de Sixto, Solobeira, de conformidade co proxecto básico e de execución do arquitecto Francisco Lorente Rivas, visado o 25.03.2024, o anexo de obras de urbanización, visado o 08.10.2024, e a documentación complementaria (plano nº 1 "deslinde y servicios") visada o 15.01.2025, debendo cumprir as condicións impostas nas resolucións dictadas polo Xefe do Servizo Provincial de Pontevedra da Axencia Galega de Infraestructuras da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras, en data 30.08.2024 (exptes. IF204A/PO/2024/0393, IF204A/PO/2024/0395 e IF204A/PO/2024/0579), e as condicións impostas na resolución de data 19.12.2024 do Director de Augas de Galicia, dictada no expediente DH.W36.104465. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Ordenanza nº 11 (NP-2).
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: Residencial (vivenda unifamiliar)
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m , 40% (80 % se é planta baixa)
4. Orzamento de execución material: 109.640,00 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 0014507NH2101S0001QM
6. Técnico director da obra: Arquitecto D. Francisco Lorente Rivas.

Director Execución Material: D. José Angel Cabodevila Portela

Coordinador de seguridade e Saúde: D. José Angel Cabodevila Portela

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)

- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). Así como certificación acreditativa da inscrición no Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa da superficie cedida ao Concello libre de cargas e gravames.

Así mesmo, infórmase favorablemente as obras ordinarias de urbanización e obras de acometidas aos servizos municipais de auga e saneamento de conformidade co anexo de obras ordinarias de urbanización visado o 08.10.2024, condicionado ao cumprimento das condicións establecidas no informe do enxeñeiro técnico municipal de data 18.12.2024, que a seguir se indican:

OBRAS DE ACOMETIDA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo da Concesionaria de augas, Espina e Delfin, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 40 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

OBRAS DE ACOMETIDA REDE DE SANEAMENTO

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo municipal de obras do concello, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 50 x 50 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC mínimo de diámetro 160 mm.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro.

Non se poderá realizar a conexión efectiva ás redes de auga e saneamento ata que non se obteña o título habilitante para a primeira ocupación da vivenda. (Expte. URB/2024/000378)

PRP2025/0296

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Manuel Jesús Giménez Martínez en representación de CAJAMAR CAJA RURAL, S.C.C., vistos os informes técnico e xurídico, para acondicionamento de local destinado a oficina bancaria en rúa Covadonga 9, esquina rúa Cobián, 2 . (Ref. Cat.: 9359206NH1195N0025EP), de conformidade co proxecto básico, de execución e de actividade da arquitecta Dna. María del Mar Fernández Viciano, visado o 08.10.2024.

- No caso de que se cumpran as condicións previstas no artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.
- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Unha vez que se rematen as obras de acondicionamento do local, achegarse comunicación previa para a apertura do establecemento, que se acompañará da documentación esixida para o funcionamento da actividade (art. 11.2 do Decreto 144/2016). (URB/2024/000857)

PRP2025/0298

Informar favorablemente a solicitude de desistimento de licenza presentada por D. Alfredo Longo Goldar para construción de vivenda unifamiliar en rúa do Casal Alto s/n, Sobradelo que foi concedida á entidade Aronamar S.L. mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo de 2008, e proceder ao arquivo do expediente de conformidade co informe técnico no cal se indica que non se teñen realizado as obras obxecto da solicitude e do informe xurídico emitido ao respecto, no cal se indica:

".... dado que o desistimento dunha solicitude ou a renuncia a un dereito é unha potestade que ten

todo interesado, ao amparo do art. 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimiento Administrativo Común, procede aceptar tal desistimento e o arquivo do expediente.

Déase traslado ao Departamento de Recadación aos efectos oportunos. (Expte. URB/2025/000037) (antecedente 1146/07)

PRP2025/0299

Informar favorablemente a renuncia de licenza presentada por D. Milton Fernández Fernández en representación de DIFERSA & PRIMAVINIA SA, para construción de nave para almacén de bebidas no Polígono Industrial "Alto do Pousadoiro", rúa Pousadoiro nº 3 (Ref. Cat.: 3060976NH2136S0001XT) que foi concedida por Resolución municipal de data 05.11.2009 e proceder ao arquivo do expediente, de conformidade co informe técnico emitido no cal se indica que non comezaron as actuacións obxecto da solicitude e co informe xurídico emitido ao respecto, no cal se indica:

".... dado que o desistimento dunha solicitude ou a renuncia a un dereito é unha potestade que ten todo interesado, ao amparo do art. 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimiento Administrativo Común, procede aceptar tal desistimento e o arquivo do expediente.

Déase traslado ao Departamento de Recadación aos efectos oportunos. (Expte. URB/2025/000004) (antecedente 474/08)

PRP2025/0330

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Carolina Couselo Fariña en representación de PROMOCIONES BARREIRO PÉREZ, S.L., vistos os informes técnico e xurídico, para construción de edificio en rúa Bosque Desamparados s/n, de conformidade co Reformado do Proxecto Básico de edificio para 21 vivendas libres, 6 VPA, locais, garaxes e trasteiros, redactado pola arquitecta Dna. Carolina Couselo Fariña, asinado electronicamente o 19.06.2023 e do Anexo I do referido Reformado, redactado pola citada arquitecta, asinado o 13.12.2024. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: R-1 do PXOM e PERI UEI-6 Bosque Desamparados
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: Residencial (vivenda colectiva)
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: B+3+BC (13,30 m)
4. Orzamento de execución material: 1.998.740,00 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 9254123NH1195N0001JG
6. Técnicos directores das obras: Arquitecta Dna. Carolina Couselo Fariña

Director das obras: D. Luciano Piñeiro Bermúdez

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que

se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)

- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- **Non se poderá iniciar a execución das obras mentres non se achega e se autorice polo Concello o preceptivo proxecto de execución visado polo COAG, que deberá acompañarse da seguinte documentación (Estudo de seguridade e saúde, proxecto de ventilación de garaxes e oficios de dirección da execución material e de coordinador de seguridade e saúde).**
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). (Expte. URB/2019/000929)

PRP2025/0334

Informar favorablemente o desistimento da solicitude de licenza presentada por D. Alfredo Longo Goldar para construción dúas vivendas unifamiliares acaroadas na rúa Fontecarmoa e proceder ao arquivo do expediente, de conformidade co informe técnico no cal se indica que non se teñen realizado as obras obxecto da solicitude e co informe xurídico emitido ao respecto, no cal se indica: ".... dado que o desistimento dunha solicitude ou a renuncia a un dereito é unha potestade que ten todo interesado, ao amparo do art. 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimiento Administrativo Común, procede aceptar tal desistimento e o arquivo do expediente.

Déase traslado ao Departamento de Recadación aos efectos oportunos. (Expte. URB/2025/000046) (antecedente 371/08)

PRP2025/0335

- Mediante resolución da Alcaldía de data 24.04.2024, concédese licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar acaroada na rúa Manuel Fernández Teixeira, parcela 20, Renza á entidade "PADE NOROESTE SL." de conformidade co proxecto refundido de básico do arquitecto D. Jesús M^a Diéguez Pazos, asinado electronicamente o 23.10.2023 e documentación complementaria achegada.

- Mediante escrito presentado en data 28.01.2025 solicítase a transmisión da titularidade da licenza a favor de Dna. Beatriz Muíños González e D. Roberto Loureiro Torres, acompañando escritura de compravenda do inmovible.

Á vista do anteriormente exposto e da documentación achegada, e visto o informe xurídico de data 31.01.2025, o Consello da Xerencia informa favorablemente o cambio de titularidade da licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar acaroada na rúa Manuel Fernández Teixeira, parcela 20, Renza, a favor de Dna. Beatriz Muíños González e D. Roberto Loureiro Torres, (Expte. URB/2021/000618)

PRP2025/0337

- Mediante resolución da Alcaldía de data 18.02.2021, concedeuse licenza de obra para construción de edificio composto de soto, baixo, 3 plantas e ático para vivendas e local nna rúa Méndez Núñez n° 33, de conformidade co proxecto básico do arquitecto D. Leopoldo Ivorra Sáenz-Diez, de marzo de 2019 a Dna. María Teresa Silva Pando, e mediante resolución da alcaldía de data 13.09.2021 deuse conformidade ao proxecto de execución visado con data 21.06.2021, xunto coa documentación achegada.

- Mediante escrito presentado, en data 25.01.2025, por D. Pablo Bandín Deaño solicítase a transmisión da titularidade da licenza a seu nome, acompañando escritura de compravenda do inmovible.

Á vista do anteriormente exposto e da documentación achegada, e visto o informe xurídico de data 31.01.2025, o Consello da Xerencia informa favorablemente o cambio de titularidade da licenza de obra para construción de edificio na rúa Méndez Núñez n° 33 a favor de D. Pablo Bandín Deaño, (Expte. URB/2019/000486)

COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS

PRP2025/0344

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade, da comunicación previa de apertura outorgada por resolución municipal de data 28.02.2020 a favor de Os Xantares de Mariló, S.L.U, para a actividade de outros servizos de alimentación propios da restauración (677.9) na Avda. Dr. Tourón n° 4 bx. (Ref. Cat.: 9359603NH1195N0010EZ), quedando subrogada a entidade COMO EN CASA TAKE AWAY S.L. representada por Dna. Nadia Carolina Golly Gil, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

(Expte. ACTI/2024/000055)

PRP2025/0345

Informar favorablemente o arquivo da comunicación previa de inicio da actividade para bar no local social da Asociación de Veciños A Revolta, na Praza Lino Arcos nº 1, Zamar, presentada por D. Juan Francisco Nine González, de conformidade co informe técnico de data 31.01.2025, no que se constata que o local atópase pechado e sen actividade. (Expt. ACTI/2023/000108)

PRP2025/0346

Informar favorablemente o arquivo da comunicación previa de cambio de titularidade da actividade para comercio de prendas de vestir e toucado (6512) na rúa San Roque nº 7 baixo dereita, presentada por D. Arón López García, de conformidade co informe técnico de data 31.03.2025, no que se constata que nese mesmo local estase exercendo unha actividade distinta a nome doutro titular. (Expt. ACTI/2022/000083).

ASUNTOS VARIOS

PRP2025/0297

Vista a solicitude presentada por D. Carlos Quintela Maneiro, con fin de regularizar a cesión ao Concello dos terreos afectados por aliñacións da finca situada no travesía do Feal, Sobradelo (Ref. Cat.: 8246909NH1184N0000UH), o Consello da Xerencia informa favorablemente a aceptación polo Concello dos terreos que figuran como "Parcela Segregada 2 de 213 m² para cesión a vía pública, na resolución de alcaldía de data 04.04.2024 pola que se concedeu a licenza de segregación de fincas en travesía do Feal, aos efectos da súa inscrición a favor do Concello no Rexistro da Propiedade. (Expte. URB/2025/000012)

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

PRP2025/0401

Dáse conta do expediente de declaración de ruína técnica do inmovible coñecido como "Casa Jaureguizar" situada na Avda. Doutor Tourón nº 3, redactado polo arquitecto municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuíña.

No expediente citado faise constar o seguinte:

Á vista do deterioro que presenta o devandito inmovible, o Concello de Vilagarcía encarga informe técnico á empresa Enmacosa Consultoría Técnica S.A., que emite Informe de Patoloxía Estrutural, de data 18-8-23, no cal se dictamina:

"Teniendo en cuenta todo lo especificado a lo largo del presente Informe de Patología Estructural y tras el análisis de los distintos elementos estructurales, se obtienen las siguientes conclusiones:

- Los elementos de cimentación y sustratos de apoyo descubiertos en la estructura de vivienda existente difieren en sus características según su localización. Para el caso de la cimentación descubierta en la Cata C1 (fachada posterior), el sustrato de apoyo descubierta corresponde con el Nivel Geotécnico 2. Relleno Antrópico, de propiedades geomecánicas deficientes y con materiales inapropiados para servir de apoyo a una cimentación directa.*

Para el caso de la cimentación descubierta en la Cata C3 (fachada Sur de la edificación), el sustrato de apoyo descubierta corresponde con el Nivel Geotécnico 3. Granito alterado en grado V, de forma subyacente al nivel de relleno anteriormente descrito. Siempre y cuando se limite su tensión admisible y se acoten los asientos previsibles, este nivel de granito alterado en grado V representa una unidad geotécnica APTA para servir de apoyo a una cimentación directa.

- La práctica totalidad de la estructura metálica descubierta en la edificación presenta fenómenos de corrosión avanzada acompañados de fenómenos de deslaminación en la periferia. A efectos de acotación de elementos dañados, se estima que la totalidad de la estructura metálica presenta ésta patología, en mayor o menor medida, y que el grado de afección es lo suficientemente grave como para plantearse la necesidad de sustitución y/o reparación integral de la totalidad de elementos.*
- Para el caso de los pórticos de hormigón armado que componen la estructura de la edificación, los resultados obtenidos ponen de manifiesto que el hormigón analizado en las rozas practicadas ya no tiene capacidad de protección sobre las armaduras frente a los efectos de la corrosión por carbonatación, ya que la profundidad de carbonatación presenta en todos los casos un valor superior al recubrimiento, siendo recomendable realizar un tratamiento anticarbonatación de cara a garantizar un correcto funcionamiento de la estructura a lo largo de los años.*
- Se observa, de forma generalizada, la presencia de evidencias de filtraciones de agua y humedad, manifestadas por medio de manchas de humedad, eflorescencias, vegetaciones y proliferación de hongos en los forjados y paredes de la práctica totalidad del inmueble.*
- Se observa la existencia de cuadros fisurativos de distinta naturaleza sobre la totalidad de las fachadas y tabiquería interior del inmueble, resumiéndose con una problemática de incompatibilidad de deformaciones y rigideces entre estructuras y cerramientos, retracciones excesivas del revestimiento durante su endurecimiento y problemas puntuales de asientos y repises en algunos de sus apoyos.*
- La estructura de cubierta de madera actual del inmueble de encuentra actualmente con importantes zonas colapsadas. Las condiciones de humedad y filtraciones existentes durante largos periodos de tiempo, hicieron idóneas las condiciones para la proliferación de insectos xilófagos, vegetaciones y el ataque de hongos de pudrición en profundidad, que reblandecieron los elementos, e hicieron mermar de forma significativa sus capacidades resistentes (zonas actualmente colapsadas y vigas ya reforzadas en un pasado). Los ataques y patologías existentes sobre la estructura, hacen que lo más recomendable sea el desmonte de la estructura actual y nueva ejecución de estructura de cubierta que garantice las condiciones de seguridad e impermeabilización que esta debe satisfacer.*
- Durante la realización de los trabajos de campo sobre la estructura principal, complementariamente se observa la presencia de patologías en el resto de edificaciones (galpones) y elementos secundarios situados en la parcela (véase Apartado 7.6 Patologías en otros elementos de la parcela).*

Por tanto, el elevado coste de los trabajos de refuerzo estructural, tratamiento preventivo y reconstrucción, que serían necesarios acometer para devolver a la estructura las condiciones de seguridad, aptitud al servicio y salubridad exigibles para su uso, es probable que represente una situación de ruina económica en el inmueble, si bien la valoración económica de estos trabajos no es objeto del presente estudio de patología estructural”.

Con data 29-2-24, a citada empresa emite Anexo ao anterior informe, ao obxecto de clarear se a situación do inmovible é de ruína técnica, concluíndo o citado Anexo de 29-2-24:

“Por tanto, ante la importancia y alcance de las patologías, daños y lesiones detectadas en la estructura portante del inmueble, a nuestro juicio, la estructura de la edificación se encuentra en un ESTADO DE RUÍNA TÉCNICA, de tal magnitud que, en nuestra opinión, la actuación más recomendable es la demolición controlada del inmueble A petición del EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA se redacta el presente anexo con motivo de la declaración del estado de ruina técnica de la edificación denominada “Casa Jaureguizar” sita en Avda. Doutor Tourón, 3 en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).”

Dado que o inmueble está catalogado (forma parte do conxunto de edificios incluídos no Catálogo do PXOM do Concello de Vilagarcía de Arousa, con referencia 117 PHA, establecendo a ficha do PXOM un “grao de protección implicada 4”), dáse traslado á Dirección Territorial da Consellería de Cultura, que a medio de resolución de data 7-5-24, ditada no expediente de dita administración autonómica nº 3023/23, acorda non autorizar a derrubo de edificación, anexo e muros e indica:

“Tendo en conta que o derrubo dunha edificación catalogada non é unha actuación contemplada no artigo 40 da LPCG, no suposto de que por parte do Concello se considere que o inmueble catalogado puidera estar en situación legal de ruína técnica, deberá tramitar o correspondente expediente de declaración de ruína técnica conforme ao establecido nos artigos 341 e seguintes do Decreto 143/2016 que aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia. A iniciación do procedemento deberá notificarse á DXPC, que intervirá como interesada, acompañando o informe emitido polos servizos técnicos municipais previsto no artigo 342.2 do Decreto 143/2016 e o ditame pericial dos servizos técnicos municipais requirido polo artigo 343 do citado Regulamento. Tamén deberán notificarse á DXPC as resolucións que se adopten no expediente.”

En data 12-11-24, o técnico municipal emite INFORME PARA DECLARACIÓN DE RUINA TÉCNICA DA “CASA JAUREGUIZAR”, no que se conclúe:

“Por tanto, atopámonos ante unha edificación que ten danados tódolos seus elementos construtivos e os poucos que manteñen a súa aparencia de validez (tabiques) deberían ser demolidos para reconstruír os outros sobre os que se sustentan (soleiras e forxados). Como conclusión do anteriormente exposto, propónse a declaración de RUINA TÉCNICA xa que o edificio de referencia presenta un esgotamento xeneralizado dos elementos estruturais fundamentais, está comprometida a estabilidade dalgúns dos seus elementos, como a cuberta ou a cimentación, e porque a súa recuperación non é posible polos medios técnicos normais.”

Á vista dos informes anteriormente transcritos e de conformidade co art. 141 da Lei do Solo de Galicia e cos art. 341 e seguintes do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, procede informar a procedencia do inicio de expediente de ruina técnica respecto do inmueble obxecto do presente expediente e dar traslado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura a efectos de que emita informe respecto do presente expediente de ruína técnica e outorgue no seu caso as autorizacións pertinentes. (Expt. URB/2025/000071)

O Sr. Oliveira Barreiro abstense na votación do asunto de declaración de ruína técnica da “Casa Jaureguizar” por descoñecer se se fixeron labores de mantemento desde a súa adquisición e evitar a ruína técnica.

O Sr. Fajardo Recousó vota en contra polo “efecto chamada desta situación”, hai vivendas que poden ir por este tema da ruína técnica. Tamén di que debeu valorarse o estado da vivenda cando se mercou e o uso que se lle podía dar.

A Sra. María Mochales, di que se declara a ruína técnica para arranxar a estrutura.

O Sr. Pumar indica que a casa non téñ unha protección alta no catálogo municipal e o seu valor é

polo inmobile que tén ao carón.

A Sra. María Mochales responde que para cumprir normativa e uso que se lle puidera dar non sería posible porque os tabiques están apoiados por muros de ladrillo, non hai muros de carga que sosteñan o edificio.

O Sr. Oliveira Barreiro, indica que se presentaron dous proxectos.

A Sra. María Mochales responde que se presentaba unha zona nova e unha zona vella e non foi aceptado e logo modificouse para quedar como está, ocos, revocos, estucado, etc. Dixéronnos que para o baleirado había que facer ruína técnica, segundo Patrimonio.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:25 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.